ANEXO VII

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MAR

INFORMACIÓN SOBRE A CAPTACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES OBTIDAS DURANTE A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN SUBVENCIONADAS

PE610A - AXUDAS PARA ACCIÓNS FORMATIVAS, FINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA (FEMP), QUE CONTRIBÚAN AO DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN PROFESIONAL, DAS NOVAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS E DA FORMACIÓN PERMANENTE DO SECTOR PESQUEIRO

DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

Co fin de dar difusión ás accións formativas financiadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), que contribúen ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro, a Consellería do Mar ten interese en fotografar parte do desenvolvemento da acción formativa, sen interferir no seu desenvolvemento, captando imaxes das persoas asistentes á formación, que poderán ser publicadas a través das páxinas web corporativas dos responsables do tratamento, páxina web da Consellería do Mar, enderezo www.mar.xunta.gal, así como das redes sociais vinculadas a estas e outros medios de comunicación ou difusión das actividades da Xunta de Galicia. As imaxes así obtidas tamén poderán ser utilizadas para a elaborar as memorias de actividade.

A PERSOA PARTICIPANTE NAS ACCIÓNS FORMATIVAS DECLARA:	AUTORIZO á Consellería do Mar
1. A realización de fotografías de parte do desenvolvemento da acción formativa, sen interferir no desenvolvemento da mesma, e a súa publicación a través das páxinas web corporativas do responsable do tratamento a través das páxinas web corporativas dos responsables do tratamento, www.mar.xunta.gal, así como das redes sociais vinculadas a estas e outros medios de comunicación ou difusión das actividades da Xunta de Galicia. As imaxes así obtidas tamén poderán ser utilizadas para a elaboración das memorias de actividade.	◯ SI ◯ NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Mar.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
Destinatarios dos datos	Os datos poderán ser comunicados á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de organismo intermedio dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos segundo o disposto no Regulamento (UE) nº 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento. Así mesmo, os datos poderanse comunicar ás administracións estatais e autonómica con competencia na materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA PARTICIPANTE

Lugar e data

_____ , _____ de _____ de _____

Xacobeo 21·22

UNIÓN EUROPEA
"Unha maneira de facer Europa"
"O FSE inviste no teu futuro"